

INSTRUCCIÓN PARA A MATRÍCULA
PARA ALUMNADO DE CENTROS DA C. A. DE GALICIA. (ABAU - 2021)

1. PRE-MATRÍCULA E MATRÍCULA ORDINARIA

1.1. PRE-MATRÍCULA

1.1.1. PRAZO PRE-MATRÍCULA: do 20 ao 24 de maio

1.1.2. ¿QUEN PODE MATRICULARSE?: Alumnado de centros de Galicia que superou bacharelato ou a dobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat **na convocatoria ordinaria de 2021**

1.1.3. PROCEDIMENTO:

a) O alumnado realizará a prematrícula nos centros correspondentes de Educación Secundaria do 20 ao 24 de maio (Para facilitar este procedemento, o alumnado entregará no Centro de Secundaria o [IMPRESO](#) coa indicación das materias das que se desexa examinar).

Xunto co impreso de prematrícula xa pode entregar o [resgardo de ter aboados os prezos públicos](#) que poderá baixar da páxina web da CIUG, **selado pola entidade bancaria.**

Unha vez feita a prematrícula en Nerta polo centro de secundaria, xérase unha conta de usuario en Nerta e cada estudante recibe os datos de acceso no seu correo electrónico.

b) Na convocatoria de matrícula figura a opción alternativa para realizar o pagamento das taxas de forma telemática, utilizando unha tarxeta de crédito.

c) Se ten dereito a exención debe entregar copia do xustificante no seu centro.

1.2. MATRÍCULA ORDINARIA

O Centro de secundaria cubre na Aplicación Informática Nerta os datos da matrícula e o pago das Taxas e envía ao LERD o listado que xera Nerta coa relación de alumnos e pago de taxas, xunto cos xustificantes de exención **antes do 26 de maio.**

2. MATRÍCULA ANTICIPADA

2.1. PRAZO: do 7 ao 25 de maio

2.2. ¿QUEN PODE MATRICULARSE?: Ver convocatoria de matrícula

1.3. PROCEDIMIENTO

1.3.1. Alumnado con conta de Usuario na aplicación informática Nerta

Deberá facer a matrícula a través de Nerta (<https://www.edu.xunta.es/nerta/>).

Pode facer o pago de forma telemática a través da aplicación, utilizando unha tarxeta de crédito. Este pagamento xa se reflicte de forma automática en Nerta, sen necesidade de enviar xustificante.

Tamén pode baixar o documento de pagamento que se xera en Nerta e facer o pagamento na entidade bancaria e envialo por correo electrónico ó LERD correspondente, dentro do prazo de matrícula.

Se ten dereito a exención debe enviar o xustificante por correo electrónico ao LERD correspondente.

1.3.2. Alumnado SEN conta de usuario en NERTA

O alumnado deberá enviar por correo electrónico ao LERD correspondente, dentro do prazo de matrícula, a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
2. [Impreso de matrícula na ABAU](#) debidamente cumprimentado cos datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU que poderá baixar da páxina web da CIUG.
3. [Resguardo de ter aboados os prezos públicos](#) de matrícula que poderá baixar da páxina web da CIUG, **selado pola entidade bancaria**.

Ademais, dependendo da situación:

- a) Para o alumnado de FP de centros de Galicia, o centro de FP ten que ter traspasado o expediente de Xade a Nerta.
- b) Para o alumnado de Bacharelato de centros de Galicia de anos anteriores que nunca se presentaron a ABAU: Certificación das cualificacións e do título de bacharelato.
- c) Para o alumnado de centros de fora de Galicia:
 1. Documento da Inspección Educativa coa súa adscrición a un Centro de Galicia.
 2. Certificación de estar en posesión do Título de Bacharelato, Ciclo de FP, etc.
 3. Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos.
 4. No seu caso, credencial expedida pola UNED, homologación do título, etc.

O alumnado recibirá no seu correo electrónico un “Código de Acceso” necesario para poder realizar na aplicación informática NERTA as solicitudes de revisión e a solicitude de preinscrición en titulacións con límite de prazos do SUG.